

ENTROIDO VIRTUAL 2021

1. BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

O Concello de Melide, a través da Concellaría de Cultura e Turismo, convoca o concurso de disfraces de **ENTROIDO VIRTUAL 2021**, co obxecto de incentivar a participación cidadá que terá lugar nas redes sociais deste concello o **luns 15 e o martes 16 de febreiro de 2021**, enmarcado na programación cultural do Entroido 2021.

2. INSCRICIÓN E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas que envíen unha foto ou vídeo (cunha duración máxima de 20 segundos) ao enderezo de correo electrónico cultura@concellodemelide.gal onde figure os datos persoais de cada participante, a fotocopia do DNI, o nome e a descrición do disfrace, a categoría a que optan e un número de teléfono de contacto.

O prazo de presentación será desde o **1 de febreiro até o día 14 de febreiro ás 23:59 h** de 2021.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

3. CATEGORÍAS

As categorías serán as seguintes:

- **INFANTIL (de 0 a 12 anos)** : individual e grupal (persoas conviventes)
- **XUVENIL (de 13 a 18 anos)**: individual e grupal (persoas conviventes)
- **FAMILIAR**: persoas conviventes.

Para as distintas categorías terase en conta que unha mesma persoa non poderá participar nas diferentes modalidades (individual e grupal).

4. PREMIOS

Serán seis premios para as distintas modalidades en diferentes comercios da zona.

- Na categoría de **INFANTIL**: vales regalo en libros e xoguetes
- Na categoría de **XUVENIL**: vales regalo en roupa deportiva e material informático
- Na categoría de **FAMILIAR**: vales en xantares.

5. DIFUSIÓN, XURADO E GAÑADORES/AS

A totalidade das fotos e vídeos achegados subiranse as redes do Concello e permanecerán publicadas **o luns 15 e martes 16 de febreiro até as 23:59 h** para que poidan ser votados e gañará en cada categoría e modalidade quen teña máis “ME GUSTA”.

Os/as gañadores/as daranse a coñecer o mércores 17 de febreiro.

6. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Melide, e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e restante normativa aplicable na materia.

7. DEREITOS DE IMAXE

A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Melide para empregar as fotografías e vídeos como parte do material promocional se así o estima oportuno.

